

Orde do día da sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 26 de xaneiro de 2018, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 13/17, do 22 de decembro.
- 2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, do 19 de decembro de 2017 ao 22 de xaneiro de 2018.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

- 3.-Aprobación definitiva do expediente de desafectación e cesión de titularidade do predio 129-C no Polígono Industrial de Sabón (Arteixo), co número de referencia catastral 1379307NH4917N0001PQ, a favor do Concello de Arteixo.

Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente

- 4.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2018, primeira fase.
- 5.-Iniciar o expediente de expropiación forzosa con trámite de urxencia, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xullo de estradas de Galicia, para ocupar os bens e dereitos necesarios pola execución das obras seguintes: Modificación do trazado da estrada DP 2204 ao seu paso polo núcleo de Pontigas (Cedeira); Ampliación da plataforma e mellora de trazado da DP 8202 Galanas a Cacheiras PK 3+500 ao 4+240 (Teo); e mellora da intersección no PQ 0+675 da estrada DP 2502 Valdoviño a Cerdido (Valdoviño).

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

- 6.-Aprobación do convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño, para regular o proxecto "Xeoparque de Ortegal"

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

- 7.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de decembro de 2017 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 31 de decembro de 2017.
- 8.-Toma de coñecemento do informe dos dereitos de difícil ou imposible recadación dos recursos propios, segundo o disposto no artigo 193 bis do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

9.-Toma de coñecemento do informe do estado de execución dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014- 2017.

10.-Desestimación das reclamacións presentadas e aprobación definitiva do cadro de persoal, a relación de postos de traballo e o organigrama 2018.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS